



ACTA DA REUNIÓN 11 DE XUÑO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. Concepción Burgo López
Vicesecretaria da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D. José María Ameijenda Cuns
Director da intervención xeral e asuntos económicos do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 9,30 horas do día **11 de xuño de 2014**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración de enerxía eléctrica.

Orde do día:

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

Invítase a que accedan á sala os representantes presentes das empresas concorrentes:

D^a. Florentina Cuevas Muñoz (dni nº 26222348W) en representación de Gas Natural comercializadora, s.a.

De seguido procedese a:

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

O presidente da Mesa de contratación anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura dos anuncios de licitación publicados no Diario Oficial da Unión Europea nº S79, de 23 de abril de 2014 e no Boletín Oficial do Estado nº 111, de 7 de maio de 2014. Ningún dos presentes o solicita.

Acto seguido comunícase o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión e inadmisión das proposicións presentadas polas empresas reflectidas na certificación expedida polo xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria.

Da cualificación de documentos dos sobres A resultan admitidas as seguintes empresas:

- Gas Natural comercializadora, s.a.
- Endesa enerxía, s.a.u.
- Aura Enerxía, s.l.

Non resulta inadmitida ningunha empresa

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

A continuación o presidente invita aos presentes na sala a que examinen os sobres "B" presentado polas empresas, e comprobén que se atopa pechados e nas condicións nas que foron entregados. Así mesmo informa de que poden, antes de proceder á apertura dos sobres, efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas, pero que unha vez iniciada a apertura dos sobres, non se admitirán interrupcións. Informa así mesmo que a documentación contida nos sobres B será remitida ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación, e a ponderación asignada aos criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, darase a coñecer no acto público de apertura dos sobres "C".

Procédese a continuación á apertura dos sobres presentados polas empresas concorrentes. O presidente anuncia aos presentes poden examinar a documentación contida nos sobres "B".


Non habendo máis asuntos que tratar, ás 9,50 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data ao principio indicados.




Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



José Manuel Balseiro Orol
Vogal



Concepción Burgo López
Vogal



María Aneiros González
Vogal



José María Ameijenda Cuns
Vogal



Santiago González Serrano
Secretario